

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	IES A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

As humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participaren de forma efectiva nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, a cultura e a civilización gregas, a materia de Grego permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos, e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico grego, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización helena. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado –preservación, conservación e restauración– supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos de Grego foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada. A competencia plurilingüe, que ten como referente a Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego clásicos como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral. O enfoque plurilingüe da materia de Grego en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua grega, o seu léxico, os seus formantes, as súas peculiaridades e a súa riqueza en matices, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e por outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva arredor dos textos e do legado material e inmaterial da civilización grega e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europeas.

Os criterios de avaliación da materia permiten avaliar o grao de logro dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a elas. Consonte a súa formulación competencial, expónse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir e o contexto ou modo de aplicación e uso. A nivelación dos criterios de avaliación desenvólvese tendo en conta a adquisición das competencias de forma progresiva durante os dous cursos. Neste sentido, os procesos de autoavaliación e coavaliación prevén o uso de ferramentas de reflexión sobre a propia aprendizaxe como o portfolio lingüístico, a contorna persoal de aprendizaxe, o diario de lectura ou o traballo de investigación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense nos dous cursos, permitindo unha gradación e secuenciación

flexible segundo os distintos contextos de aprendizaxe, e están organizados en cinco bloques. O primeiro, «Comprensión e interpretación dos textos», céntrase na aprendizaxe da lingua helena como ferramenta para acceder a fragmentos e textos de diversa índole a través da lectura directa e a tradución e comprende, pola súa vez, tres subbloques: «Unidades lingüísticas da lingua grega»; «A tradución: técnicas, procesos e ferramentas» e «Destrezas comunicativas do uso da lingua grega». Esta última liña, potenciada polo feito de que o grego conta coa súa versión moderna na cal é doado apoiarse tanto no aspecto léxico como no uso da pronunciación histórica, ten como obxectivo sustentar normativamente o uso, cada día máis estendido, de métodos activos para a aprendizaxe do grego sen limitar, de ningún xeito, o uso da metodoloxía tradicional, deixando a criterio do profesorado a escolla do achegamento que lle pareza en cada caso máis axeitado. O segundo bloque, «Grego e plurilingüismo», pon o acento en como a aprendizaxe da lingua grega, en concreto o estudo e identificación dos étimos gregos, amplía o repertorio léxico do alumnado para que adecúe de maneira máis precisa os termos referidos ás diferentes situacións comunicativas. O terceiro bloque, «A literatura grega nos seus textos», tratado só no segundo curso, integra todos os saberes implicados na comprensión e interpretación de textos literarios gregos, contribuíndo á identificación e descrición de universais formais e temáticos inspirados en modelos literarios clásicos mediante un enfoque intertextual. O cuarto bloque, «A antiga Grecia», que será tratado no primeiro curso, comprende as estratexias e coñecementos necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente. O quinto e último bloque, «Legado e patrimonio», recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización grega recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A literatura grega: grandes etapas e xéneros literarios.	Literatura: Clasificación xeral dos xéneros literarios. Cadro cronolóxico dos principais autores gregos. Lingua: Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía nominal e verbal de Grego I (declinacións, adxectivos, pronomes, graos do adxectivo, modos e tempos verbais, formas nominais...) e da sintaxe. Léxico: Helenismos máis frecuentes no léxico das nosas linguas. Textos: Tradución de textos adaptados.	15	26	X		
2	A historiografía: Xenofonte	Literatura: A historiografía: autores. Xenofonte e a súa obra: Anábese, Helénicas, Ciropedia... Lingua: Repaso e ampliación da morfoloxía nominal e verbal. Sintaxe: Coordinación: tipoloxía e conxuncións. Subordinación: tipoloxía e conxuncións. Léxico e etimoloxía: Estudo dos helenismos presentes nos textos de Xenofonte e na selección proposta pola CIUG. Textos: Trazos lingüísticos e temáticos de Xenofonte. Tradución e comprensión da	15	29	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A historiografía: Xenofonte	selección de textos para as ABAU.	15	29	X		
3	A Épica: Homero.	<p>Literatura: A Épica. Trazos da épica. Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada. Argumento e personaxes.</p> <p>Lingua: Revisión da flexión nominal, pronominal e verbal nos textos traducidos. Subordinación: Proposicións subordinadas substantivas ou completivas, adxectivas ou de relativo.</p> <p>Léxico e etimoloxía: Estudo dos helenismos presentes nos textos de Xenofonte e na selección proposta pola CIUG.</p> <p>Textos: Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.</p>	15	16		X	
4	A Lírica.	<p>Literatura: Lírica arcaica. Introducción á lírica grega arcaica. Lectura de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte. Temáticas.</p> <p>Lingua: Revisión da flexión nominal, pronominal e verbal nos textos traducidos. O participio. Sintaxe e tradución dos participios. O participio concertado. O participio non concertado ou absoluto.</p> <p>Léxico e etimoloxía: Estudo dos helenismos presentes nos textos de Xenofonte e na selección proposta pola CIUG.</p> <p>Textos: Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.</p>	15	17		X	
5	O teatro.	<p>Literatura: Trazos do teatro grego. Autores, obras e temática. Traxedia. Sófocles: Edipo Rey. Comedia. Aristófanes: Asemblea de mulleres.</p> <p>Lingua: Revisión da flexión nominal, pronominal e verbal nos textos traducidos. Os verbos contractos, consonánticos, en -mi...</p> <p>Léxico e etimoloxía: Estudo dos helenismos presentes nos textos de Xenofonte e na selección proposta pola CIUG.</p> <p>Textos: Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.</p>	20	20			X
6	Apolodoro.	<p>Literatura: Mitoloxía: Repaso de divindades e heroes presentes nos textos de Apolodoro.</p> <p>Lingua: Revisión da flexión nominal, pronominal e verbal nos textos traducidos. Subordinación: Proposicións subordinadas adverbiais.</p> <p>Léxico e etimoloxía: Estudo dos helenismos presentes nos textos de Apolodoro e na selección proposta pola CIUG.</p> <p>Textos: Trazos lingüísticos e temáticos de Apolodoro. Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.</p>	20	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A literatura grega: grandes etapas e xéneros literarios.	26

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos nominais e verbais, e análise sintáctica apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	90
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras tendo en conta a etimoloxía e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.		
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos da civilización e da cultura gregas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir etimoloxicamente palabras de orixe grega que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionandos do autor proposto.	TI	10
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		
CA2.3 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito etimolóxico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Unidades lingüísticas da lingua grega.
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).
- Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Léxico grego e plurilingüismo.
- Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico.
- Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
2	A historiografía: Xenofonte	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	90
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras tendo en conta a etimoloxía e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos históricos.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.		
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos de Xenofonte.		
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de textos históricos aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, personaxes e valores éticos ou estéticos de fragmentos de textos históricos comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir etimoloxicamente palabras de orixe grega que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionandos do autor proposto.	TI	10
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		
CA2.3 - Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura historiográfica localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito etimolóxico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado da etimoloxía e os helenismos como fonte de inspiración analizando producións culturais e artísticas posteriores.		
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co xénero historiográfico, de forma adecuada e respectuosa empática e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a

Contidos

- capacidade de análise e síntese.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
- Léxico grego e plurilingüismo.
- Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico.
- Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.
- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.
- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.
- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
3	A Épica: Homero.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras tendo en conta a etimoloxía e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos da Ilíada e Odisea.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.		
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, personaxes e valores éticos ou estéticos de textos de temática mitolóxica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir etimoloxicamente palabras de orixe grega que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.		
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	TI	20
CA2.3 - Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuizos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito relixioso localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito etimolóxico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da mitoloxía grega como fonte de inspiración analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Explorar a presenza de temas, personaxes, estética e recursos do teatro grego na contorna do alumnado, reflexionando sobre as implicacións do seu uso e dando exemplos da súa persistencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática. - Léxico grego e plurilingüismo. - Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas. - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos.

Contidos

- Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico.
- Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.
- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.
- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.
- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual (do centro), que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc..., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca do que sabe e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- Método dogmático-maxistral: Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo.
- Método histórico: Para un breve estudio dun concepto a través do tempo.
- Método de proxectos: Para a realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final.

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información sobre algún dos contidos da unidade en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de exercicios de morfoloxía e sintaxe e de traducións, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos de creación propia do profesorado ("Cuadernillo" de GREGO fotocopiado).
Escolma de textos adaptados ou orixinais.
Diccionario.
Libros de lectura.
Aula Virtual do centro.
Libros de autores clásicos ou de tema clásico.

1. "CUADERNILLO" de GREGO.

Non contamos con libro de texto nesta materia, polo tanto, traballarase con materiais de estudo creados e aportados pola profesora. É conveniente que o alumnado teña acceso a toda a gramática tratada a través dun resumo ou compendio, este "cuaderno" presenta a morfoloxía tratada que permite un fácil repaso destes contidos.

Aínda así tamén pode tomarse como referencia o libro de "Grego Bacharelato" da Editorial Baía (Consortio Editorial Galego) de José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina. A coruña 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta cunha antoloxía de textos de temática mitolóxica, lírica, fabulística, etc.

2. ESCOLMA DE TEXTOS.

Será común a todo o profesorado unha escolma de textos orixinais que virá determinada polo Grupo de Traballo de Latín da CIUG.

3. DICCIONARIO.

O dicionario escolar de referencia é o "Diccionario manual Griego clásico - Español" da editorial Vox. José María Pabón de Urbina. Barcelona 2014 en papel ou en formato dixital. Existe tamén un "Diccionario español - grego". Ediciones Clásicas. Juan Coderch Sancho. Madrid 1997.

4. LIBROS DE LECTURA.

Para as unidades didácticas de literatura (épica, lírica, teatro) haberá as correspondentes lecturas das que ademais se examina o alumnado nas probas das ABAU:

- Homero: Ilíada (Cantos I, VI, XVI e XXII)
- Antoloxía da poesía lírica: Safo, Arquíloco e Anacreonte.
- Sófocles: Edipo Rei
- Aristófanes: Asembleístas.
- Incluímos tamén as lecturas das obras representadas no Festival de Teatro Grecolatino.

5. AULA VIRTUAL.

A aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. A aula virtual de referencia para os centros públicos de Galicia é a da plataforma Moodle da que cada centro dispón. Seguindo as recomendacións da Consellería, parece conveniente que esta sexa a aula virtual de referencia. Aquí debe estar un resumo cos aspectos máis relevantes da materia, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios). Existirá material elaborado pola profesora, xunto con enlaces, presentacións, videotutoriais, etc. colgados na aula virtual do centro.

6. OUTROS MATERIAIS.

Traballarase tamén con outros libros de autores clásicos ou de tema clásico, textos en soporte impreso ou dixital, actividades complementarias elaboradas polo departamento, esquemas e ilustracións que permitan ter unha visión máis profunda e variada de cada contido.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Grego de 2º de bacharelato é unha materia de continuidade, razón pola que normalmente o alumnado que a cursa xa é coñecido para o profesorado. Pódense, porén, producir dúas circunstancias que fan especialmente relevante neste curso a avaliación inicial, por unha banda, que a persoa docente sexa de nova incorporación no centro (como é no meu caso) e, pola outra, que se incorpore ao grupo alumnado que cursara Grego I noutro centro ou ben que non cursara Grego I en 1º de bacharelato por cursar outro itinerario dentro da modalidade.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e, en todo caso, antes das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma, e comprenderá as seguintes accións:

- a) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado.
- b) Identificar e determinar o nivel de coñecemento de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Grego I.
- c) Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE). Para facer unha avaliación inicial máis efectiva sería conveniente contactar co departamento de orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.
- d) Identificar o alumnado repetidor.
- e) Se se considera necesario, realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.
- f) Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos

compañeiros e compañeiras e co profesorado).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	90	90	80	80	80	80	83
Táboa de indicadores	10	10	20	20	20	20	17

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para todas as unidades terase en conta o seguinte:

1. Probas escritas:

Todas as preguntas irán numeradas, e indicarse, se procede, a valoración de cada unha. En 2º de bacharelato a estrutura do exame será "tipo selectividade" pero tamén se realizará un exame de repaso da morfosintaxe de Grego I.

2. Proba de "relectio":

Esta proba porá aos alumnos na obriga de repasar todos os textos propostos, analizados e traballados na aula.

3. Pequenos controis de morfoloxía, literatura, helenismos, lecturas...

en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais destinados a asegurar a adquisición de determinados contidos. Pequenos traballos de investigación sobre algún tema a partir dun guión elaborado pola docente, traballos sobre lecturas propostas, entrega de textos...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Neste curso terase en conta a seguinte ponderación en función do instrumento de avaliación utilizado:

Punto 1: Probas escritas: 80%

Punto 2: Proba de "relectio": 10%

Punto 3: Pequenos controis, traballos de investigación, lecturas, textos...: 10%

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación.

A cualificación final da materia obteríase a partir dos resultados das tres avaliacións.

Así teríase o seguinte:

Avaliación final ordinaria= $(30 \times \text{Nota}_{1^{\text{a}} \text{ aval}} + 30 \times \text{Nota}_{2^{\text{a}} \text{ aval}} + 40 \times \text{Nota}_{3^{\text{a}} \text{ aval}}) / 100$

- PUNTUALIZACIÓNS:

a) Cada proba constará de dous apartados:

- Un texto de dúas ou tres liñas en prosa: XENOFONTE ou APOLODORO

- Algunhas preguntas de análise gramatical sobre o texto escollido para tradución, de literatura e o seu contexto, lecturas, etimoloxía.

Seguindo as pautas aprobadas polo Coordinador de Grego para as probas ABAU, o labor de tradución de

coñecemento práctico da lingua latina considérase básico e non substituíble por ningún outro de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos 10 puntos posibles reservaranse 5 para a avaliación da tradución, 1 punto para gramática e as respostas ao temario contribuirán cun máximo de 4 puntos. (Porén, se nalgunha proba non entrasen as preguntas das lecturas, ou de literatura e o seu contexto, a tradución avaliaríase con 6 puntos)

- b) O alumnado deberá acadar un mínimo de 3 en cada proba escrita para poder facer o cómputo final de avaliación.
- c) No caso de que nunha avaliación non se realizara a proba de "relectio" (na 1ª avaliación por mor do repaso gramatical do curso anterior), o punto 1 ponderaría o 90%.
- d) Con independencia das notas acadadas nas diferentes probas, o profesor poderá restar ata un máximo de 0,5 da nota media final nas seguintes circunstancias: polo traballo diario do alumno (descontarase da nota 0,1 cada vez que o alumno traia os exercicios sen facer ou non dispoña do seu material e 0'05 se os exercicios están incompletos).
- e) En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo diario, toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha calificación de cero (0).
- f) No cálculo da nota das cualificacións das distintas avaliacións, tanto parciais como a final, cando o resultado non sexa un número enteiro, poderíase redondear ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5 (sempre e cando o traballo, actitude e comportamento do alumno/a fora positiva durante o curso e a persoa docente considere que este redondeo ha redundar nun beneficio para o alumnado) mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é a non redondeada.
- g) No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase proporcionalmente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Critérios de recuperación:

CONVOCATORIA ORDINARIA

Ao tratarse de avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación. Ao tratarse dunha materia progresiva, interrelacionada e gradual, o normal desenvolvemento do seguinte trimestre enmendaría o posible déficit do alumno, polo que, non están previstas probas de recuperación. Por seguir o sistema de avaliación continua, onde a materia incluída no exame non é eliminada para a seguinte proba, o/a alumno/a recuperará automaticamente unha avaliación suspensa ao aprobar a seguinte, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Aqueles alumnos que suspendan a terceira avaliación poderán recuperar a materia mediante unha proba final que recolla os contidos de todo o curso. O obxectivo desta proba poderá ser superar a materia suspensa ou ben mellorar a nota da convocatoria ordinaria.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, deberá facer unha proba de recuperación que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria. Na data que acorde o centro educativo realizarase un exame escrito.

A proba extraordinaria responderá ao mesmo esquema proposto para os exames ordinarios. A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida. O exame terá un valor de 10 puntos.

Cando o resultado desta proba de recuperación non sexa un número enteiro, poderíase redondear ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva, levará a materia suspensa.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconceito do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.

COMPETENCIA DIXITAL

Na materia fomentase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentárase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES

Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...).

IGUALDADE DE XÉNERO

Intentárase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE E O CONSUMO RESPONSABLE

Desde a materia intentárase contribuír a facer un mundo máis sostible, fomentando o consumo consciente e responsable.

CREATIVIDADE

A materia debe servir para formar persoas ricas en orixinalidade, flexibilidade, visión, iniciativa, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO.	Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe a ITALIA.	Visita cultural ao país italiano na semana de entroido.		X	
CONCURSO ODISEA	Promovido pola SEEC de Galicia, na que o alumnado debe responder a unha serie de preguntas a través do ordenador.		X	
OLIMPIADA DE TRADUCIÓN DE TEXTOS CLÁSICOS	Traducir nunha competencia textos clásicos en lingua latina e grega.			X

Observacións:

1. FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO.

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.

Temporalización: mes de febreiro - marzo, en función das obras e sede que se escolla.

2. VIAXE A ITALIA.

Esta viaxe cultural pensada para profesores e os seus alumnos de secundaria e de bacharelato de materias de Clásicas celebrárase en función da demanda do alumnado.

Temporalización: mes de febreiro (semana de antroido)

3. OLIMPIADA DE TRADUCIÓN DE TEXTOS CLÁSICOS

Esta olimpiada esta pensada exclusivamente para o alumnado de 2º de bacharelato. Trátase de traducir nunha competencia textos clásicos en lingua latina e grega fomentando así o traballo e a participación do alumnado.

Temporalización: mes de maio

4. CONCURSO ODISEA

Este concurso pretende sacar a Cultura Clásica das aulas. Os alumnos/as nos ordenadores enfrontaranse a preguntas, investigarán e desfrutarán da satisfacción de encontrar as respostas co seu esforzo. En función das limitacións do alumnado de 2º de cara a súa preparación para as probas ABAU é bastante probable que os grupos de 2º de bacharelato non poidan participar nesta actividade complementaria.

Temporalización: mes de xaneiro - febreiro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Metodoloxía empregada
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
O que estivo ben foi.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado.
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia.
Clima de traballo na aula
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Existiu coordinación entre o profesorado do departamento.
Outros
O que estivo mal foi.
Propostas de mellora.

Descrición:

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estás táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificacións feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

9. Outros apartados